

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAUDE E  
O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) PARA O  
DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE BIOMASA E AEROTERMIA  
COFINANCIADO CON FONDOS FEDER NO MARCO DO PROGRAMA  
OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

**DECLARA:**

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar co Servizo Galego de Saúde, o instrumento de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o acordo de cooperación ten por obxecto establecer as condicións para potenciar o aforro, a eficiencia enerxética e o uso da biomasa e aerotermia en centros de saúde de Atención Primaria da rede do Sistema Público de Saúde de Galicia

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste acordo de cooperación, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

**Sinatura electrónica e data na marxe esquerda.**

